

A CIG-Ensino recollerá achegas do profesorado ante o documento do MEFP para unha nova lei educativa

O documento é un esquema básico sobre os aspectos que o goberno español pon enriba da mesa para o que sería o marco dun novo texto que claramente nos retrotrae á LOE.

O sindicato felicítase de que todos os puntos que pretende modificar o Ministerio de Educación e Formación Profesional coinciden coas principais denuncias que fixo a CIG-Ensino desde a entrada en vigor da Lei Wert pero bota en falta maior contundencia nos cambios.

A CIG-Ensino criticou nestes pasados meses a demora en abrir estes debates e especialmente o feito de que non se optara pola derogación inmediata da LOMCE. O Ministerio alega problemas de carácter técnico xurídico para non facelo e desde o sindicato cremos que se existe unha intención real e clara de arrombar para a historia a peor contrarreforma educativa encarnada na LOMCE, debe procederse de inmediato. Lembramos que non se tiveron reparos en someternos aos ditados dos mercados na reforma constitucional acelerada de 2011.

O esquema remitido polo Ministerio a diferentes entidades e organizacións sindicais e difundido no día de onte presenta varias propostas que formaron parte das demandas que a CIG-Ensino formulou contra a LOMCE e que estiveron no centro das nosas reivindicacións na mobilización permanente que mantivemos como sindicato e no marco da



Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público. Sen embargo, botamos en falta que outras demandas non aparezan na proposta ministerial ou o fagan dun xeito claramente insuficiente.

A responsabilidade do goberno e das forzas parlamentarias que o apoian.

A CIG-Ensino reitera a demanda que xa lle trasladou en xullo deste ano á ministra Celáa para que exista un novo marco legislativo con carácter de

mínimos que abandone a senda da recentralización que con tanta insidia e virulencia aplicou o Partido Popular coa LOMCE. Un marco legal que non afogue as competencias en materia educativa que un goberno galego debe ter e aplicar se ten un mínimo de dignidade e respecto polo autogoberno e que permitan un deseño dunha Lei Galega de Educación que dea resposta á realidade do noso país.

Tal e como dixemos no seu momento, a responsabilidade

non é exclusiva do Goberno español, senón que se fai extensiva a todas as forzas políticas con representación no Congreso dos Deputados e que no seu día se comprometeron a derrubar a LOMCE. Todo o que non sexa tirar abaixo a columna vertebral desa regresión imposta por Wert sería unha fraude.

Avances na liña dalgunhas demandas sociais e profesionais mais lonxe das expectativas creadas.

O esquema do MEFP presenta algunhas consideración que desde a CIG-Ensinó valoramos positivamente mais que precisan dunha maior concreción. Así, é positiva a liquidación das reválidas, o principal logro da loita social contra a LOMCE e que tivo no noso país a maior resposta de todo o Estado no boicot a estas probas externas, superando o 80% de seguimento nos centros públicos galegos.

Tamén concordamos inicialmente con certas valoracións que se inclúen no documento, como o remate da segregación do alumnado na ESO, a reformulación dos PMAR e da FP Básica, a desaparición desa xerarquización entre materias de primeira e de segunda que fixaba a LOMCE (troncais, específicas, etc.), a supresión desa sobrecarga burocrática de control curricular

e académico que marcan os estándares de aprendizaxe ou a introdución de parámetros de privatización na rede educativa pública coa especialización curricular ou o ranking dos centros.

A supresión da regulación do uso das linguas propias como o galego, no que foi cabalo de batalla daquel Wert que alardeaba de facer unha lei para españolizar Cataluña, é tamén un paso adiante no cese da invasión de competencias que implica a actual LOMCE e que tan obediamente aceptou desde o principio o goberno Feijóo. Mais haberá que agardar pola concreción da proposta ministerial para comprobar se camiña cara ao respecto do carácter plurinacional, pluricultural e plurilingüístico do Estado ou non.

Principais eivas do documento do MEFP

Sen embargo, a proposta ministerial queda claramente moi lonxe dalgun dos obxectivos que a CIG-Ensinó defende. Salientamos nunha análise inicial algúns deles, á espera dun debate máis demorado, para o que pediremos directamente a participación de todo o profesorado galego.

Chama a atención que non se conteña ningunha reflexión nin proposta que faga referencia aos dereitos do profesorado, principal vítima da contrarreforma da LOMCE e protagonista fundamental de calquera cambio que se queira aplicar no sistema educativo.

O retorno ao papel que a materia de Relixión tiña antes da LOMCE non abonda para colmar as expectativas dun ensino verdadeiramente laico no que a relixión non debe ter cabida no currículo escolar.

A referencia a “reequilibrar” as competencias do Consello Escolar e das direccións dos centros son claramente insuficientes e non abordan o verdadeiro problema da xestión democrática dos centros educativos.

A consideración indirecta que se fai sobre os centros que segregan o alumnado polo seu sexo non implica necesariamente ningún cambio sobre a situación actual e non impediría que se manteña o financiamento que actualmente teñen. Neste sentido, a CIG-Ensinó lembra que existe base xurídica para eliminar os concertos educativos cos centros do Opus, após gañarmos unha sentenza no Tribunal Supremo que os declaraba ilegais, antes de que se aprobara a LOMCE.

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal